ocupa una situación intermedia, alejada de las Comunidades que tienen mayor peso porcentual, como Madrid o Cataluña.

No obstante, el futuro de muchas empresas pasará por su digitalización, por lo que los procesos de cambio iniciados con la pandemia permanecerán en gran medida. Así, los resultados del módulo de opinión de los efectos de la covid-19 del indicador de confianza empresarial del INE revelan que alrededor de una tercera parte de las empresas que habían adoptado el teletrabajo declararon, además, que lo mantendrían en el futuro.

Por lo tanto podemos vaticinar que el teletrabajo ha venido también para quedarse y que este va a tener un incremento progresivo de cara al futuro post-covid. ■

A dixitalización no ámbito rural: qué significa isto?

Isabel Vilalba Seivane

Para analizar o proceso de dixitalización no ámbito rural, imos abordar o tema dende diferentes perspectivas, que se van centrar en boa medida nas labregas e labregos que desenvolven a súa actividade no ámbito rural, e tamén teremos en conta brevemente as persoas que viven no rural sen desenvolver unha actividade labrega, así como as crianzas, mocidade e persoas maiores.

Comecemos por establecer algúns principios básicos para o desenvolvemento da dixitalización:

- A necesidade de garantir o exercicio efectivo dos dereitos e a asunción das responsabilidades que ten a persoa administrada (medios materiais, cobertura, formación, portelos dixitais e canles accesibles...).

- A necesidade de desenvolvemento dun marco normativo adaptado a esta nova realidade para asegurar a seguridade, a protección de datos, os dereitos laborais, os dereitos no procedemento administrativo... Un exemplo de perda de autonomía total e de control sobre o exercicio da representatividade nos certificados dixitais.

- A indefensión dos cidadáns e das cidadás diante dun deficiente marco institucional previo á esixencia de emprego obrigatorio de métodos dixitais.

- Medidas correctoras e que dean resposta ás diferentes fendas dixitais e tecnolóxicas (sociais, económicas...).

- Deseño dunha transición axeitada e responsabilidade na arquitectura institucional para garantir os dereitos básicos.

- Análise do impacto na sociedade, na economía, no consumo enerxético e de materiais... dunha implantación dixital controlada por un número reducido de xigantes tecnolóxicos. Disponibilidade de análises, por exemplo, para determinar o nivel de prioridade ou as cautelas necesarias na implantación da tecnoloxía 5G.

- Análise en termos de emprego e deseño de propostas para garantir unha renda digna para o conxunto da sociedade diante do que está a ser unha modificación estrutural de gran calado no mercado do traballo e das políticas sociais.

**Isabel
Vilalba Seivane**

Secretrío xeral de
Organización

**Sindicato Labrego
Galego**

Múltiples tramitacións e relacións do sector agrario e gandeiro coas administracións públicas

Na relación coas administracións públicas, atopámonos con tres niveis de administracións:

- As que dependen da **administración xeral do Estado**, entre as que cabe destacar Facenda, Catastro, Seguridade Social...
- As que dependen da **administración autonómica**: consellerías competentes nas diferentes materias (só un xemplo, a Consellería do Medio Rural: Oficina Agraria Virtual, Agader (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural), Sitegal (Sistema de Información de Terras), Sixpac (Sistema de Información Xeográfica de Parcelas), Fondo Galego de Garantía Agraria, Centro Galego de Control Leiteiro, Centro de Selección e Reproducción Animal, Centros Tecnolóxicos, Centros de Investigación, Gdrs...)
- As **administracións locais** (deputacións provinciais, concellos...)

A dixitalización das relacións e trámites coas diferentes administracións públicas veñen marcadas por determinados puntos de inflexión nos que foi imposta de forma obrigatoria a realización de determinados trámites, con períodos de adaptación moi curtos, e con canles alternativas que lle van sacando ás persoas os trámites das súas mans e van obrigando a delegar en terceiras persoas ou entidades a xestión de aspectos moi importantes das súas explotacións que sempre dependeran deles mesmos.

A oficina agraria virtual para a identificación de bovinos e ovinos foi unha das primeiras que obrigou ás persoas das explotacións a relacionarse de forma telemática coa administración; posteriormente xa se estendeu á solicitude das axudas da PAC, así como a outro tipo de axudas

específicas para as explotacións.

A partir de outubro de 2017 impúxose a obriga da relación telemática con tódalas administracións ás persoas xurídicas, obrigándolles a delegar incluso a recepción das notificacións da propia administración, o que implica volver a sacar das mans dos labregos e labregas aspectos importantes da xestión da súa explotación. Dado que as sociedades civís foi unha fórmula xurídica que tivo grande implantación a partir dos anos 2000, foron moitas as explotacións afectadas.

Neste mesmo ano (2021) a Seguridade Social tamén obrigou a tódalas persoas autónomas a relacionarse de forma telemática para calquera trámite, o que implica facelos máis dependentes de xestorías e outras entidades para realizar calquera tipo de trámite, por sinxelo que resulte, e ademais terán que pagar por facer trámites que antes podían facer de forma autónoma.

Nas administracións locais a dixitalización está indo máis lenta, e non está a afectar do mesmo xeito que no referido ás outras administracións.

A problemática xeral que vimos atopando nestes procesos é que a dixitalización non se emprega como unha ferramenta que simplifica ou facilita os trámites das persoas senón que se impón esta dixitalización á medida dos intereses das diferentes administracións en cada momento, o que redundará nunha **dificultade** para realizar os trámites do día a día, así como unha **inseguridade xurídica** e unha **indefensión** respecto de moitos trámites que se obrigan a realizar por medios telemáticos.

Outro aspecto importante son as diferencias entre a forma de acceder e traballar nos diferentes portais, xa que se empregan plataformas

Os procesos de dixitalización non se empregan como ferramenta para simplificar ou facilitar os trámites das persoas.

Resulta imprescindible manter a atención presencial á vez que se facilita o proceso de dixitalización, que inicialmente debe ser voluntaria e acorde coas posibilidades reais da cidadanía.

moi diferentes, resultando difícil incluso para as persoas que se dedican profesionalmente á realización dos trámites. **Podería un portelo único dixital e o acordo nun procedemento administrativo único e simplificado ser parte da solución?**

Nas Oficinas Agrarias Comarcais o proceso de dixitalización está implicando que haxa menos persoal para atender e asesorar ás labregas e labregos, dependendo cada vez máis de entidades privadas que teñen que pagar do seu peto para a realización de trámites ordinarios. Neste aspecto, a dixitalización está a contribuír ao **proceso de desmantelamento de servizo público** que viñan prestando estas oficinas, sacándolles tamén competencias na tramitación dos expedientes, e alonxando a administración da cidadanía. Resulta imprescindible manter a atención presencial á vez que se facilita o proceso de dixitalización, que inicialmente debe ser voluntaria e acorde coas posibilidades reais da cidadanía.

Mirando cara o futuro ...

A dixitalización nos procesos produtivos das explotacións, na transformación e comercialización de produtos

A dixitalización nos procesos produtivos das explotacións é un elemento que pode supor importantes investimentos, aínda que á vez pode contribuír a mellorar os mesmos, optimizar procesos, etc. Neste aspecto, o acceso á dixitalización nas explotacións está a ser dispar, e de feito pode chegar a excluír os proxectos que presenten máis vulnerabilidade a esta implantación tecnolóxica: proxectos máis pequenos, máis diversificados e menos estandarizados, de persoas mozas, mulleres...

O papel dos labregos e labregas na sociedade

non está limitado á produción de alimentos, senón que adquiren importancia como custodios do territorio con funcións moi importantes no aspecto medioambiental, paisaxístico, cultural, etc. A dixitalización pode acabar penalizando as granxas e proxectos con maiores valores en termos de sustentabilidade ambiental, calidade dos alimentos, xeración de emprego, mantemento do medio...

O proceso de dixitalización pode axudar a mellorar algúns destes aspectos, pero a dixitalización en sí mesma non implica estas melloras. Por exemplo, se non conseguimos ordenar ben o noso territorio e ampliar a base territorial das explotacións para que sexan cada vez máis extensivas, o resto de melloras que poidamos implantar no ámbito das novas tecnoloxías non van poder suplir esas carencias de base, de maneira que os procesos de dixitalización deben ir acompañados doutras melloras e apoios para unha verdadeira sustentabilidade.

Aínda que no ámbito da transformación, a dixitalización pode contribuír a melloras na trazabilidade dos produtos, seguridade de procesos..., hai innovacións que están a chegar ao campo sen que fosen analizados os seus impactos. Por exemplo, a utilización de tecnoloxía laser na eliminación de malas herbas, os posibles impactos tanto para as persoas operarias como para os microorganismos existentes no chan, ou a aplicación de produtos químicos con máis precisión pero de xeito tamén máis masivo.

No ámbito da comercialización dos produtos do agro é onde a dixitalización está a xogar un papel importante permitindo o contacto directo entre as persoas produtoras coas consumidoras. En xeral a proliferación de páxinas web e outros xeitos de comercialización online nos se acompañaron da loxística necesaria, polo que as novas posibilidades de comercialización están a

ser interesantes nalgúns sectores e noutros están a ser residuais. Tamén resulta preocupante a entrada de grandes xigantes comerciais como Amazon e outras grandes plataformas, nun claro proceso de control e de acaparamento da distribución de bens básicos, á vez que impoñen durísimas condicións laborais e para as persoas que comercializan os seus produtos, e fan que se comercialicen moi lonxe do lugar onde se producen. O papel das administracións públicas neste ámbito pasa por fomentar os mercados locais e as canles curtas de comercialización, e apoiar a dixitalización para a mellora da comercialización nestes ámbitos.

Tanto o hardware como o software empregado na dixitalización dos procesos produtivos adoita ser desenvolvido por empresas específicas, moitas veces multinacionais que pretenden facernos dependentes dos seus servizos e do conxunto de sistemas que crean para as explotacións, roubándolle ás labregas e labregos un pouco máis da capacidade de dominio das súas propias explotacións, e desenvolvendo os mesmos de costas aos seus intereses. Cómpre aquí un papel vixiante das administracións públicas así como a aposta polo código aberto, tanto no software como no hardware.

Moitas veces as empresas compradoras (de leite, carne, produtos de horta...) son as que obrigan ás labregas e labregos a implantar a dixitalización nas súas explotacións, o que implica excluír ás producións de menor tamaño, ou as rexentadas por persoas maiores que non teñen a formación necesaria para adaptarse ás mesmas. Nese aspecto, as administracións públicas teñen que xogar un papel importante de árbitro que estea en equilibrio coas circunstancias das persoas e os avances da sociedade.

Tamén o acceso ás tecnoloxías e ás redes non é igual en todo o país, xa que hai fendas económi-

cas, pero tamén territoriais, formativas e de xénero, o que condiciona a súa implantación de xeito desigual, sendo necesarias políticas públicas que equilibren estas fendas.

A dixitalización nos servizos

O proceso de dixitalización nalgúns dos servizos que recibe a cidadanía no ámbito rural vemos que non vén por bo camiño, xa que está a implicar unha redución do persoal que prestaba eses servizos, e en lugar de empregar a dixitalización como un complemento para a mellora na prestación destes servizos, estanse a implantar como substitución dos servizos que antes prestaban persoas. Isto vese claramente no ámbito da **banca**, que antes tiña unha rede de oficinas onde te atendían persoas, e cada vez máis están a ser substituídas por caixeiros automáticos que se reducen a facer unha serie de operacións predeterminadas. Isto está a empeorar a calidade dos servizos e a excluír a unha parte da poboación dos mesmos.

No ámbito da **sanidade**, aínda que se viña empregando o uso do teléfono para determinadas situacións que non requirían a presenza da persoa, coa chegada da covid-19 xeralizouse a atención telefónica substituindo á presencial moito máis aló do que correspondería. Neste sentido, a implantación da dixitalización no eido sanitario ten que encamiñarse como un complemento ou opción para as persoas, evitando desprazamentos cando non sexan necesarios, pero non debe ir polo camiño da imposición como mecanismo para a redución de custes.

No eido do **ensino**, o mundo rural sempre tivo máis atrancos para o emprego das novas tecnoloxías debido á falta de infraestructuras que permitisen utilizalas. Coa chegada da covid, foi necesario implantar as clases a distancia sen tempo dabondo para adaptarse a este cambio.

As administracións públicas teñen que xogar un papel importante de árbitro que estea en equilibrio coas circunstancias das persoas e os avances da sociedade.

Dende fai moitos anos vimos reivindicando para o ámbito rural unhas infraestruturas e uns servizos de calidade.



As carencias ou ausencia de infraestruturas marcaron moitas diferencias no acceso ó ensino do alumnado durante este tempo, e vemos como a administración estivo a xogar o papel de impoñer no canto de fomentar e facilitar a súa implantación.

Na **atención** a persoas maiores e dependentes a compoñente de servizo persoal é a máis importante, debendo ser o principal elemento que deben preservar as administracións públicas na súa prestación. A dixitalización neste ámbito pode valer como complemento para a prestación dun mellor servizo ou a realización dun mellor seguemento. Vemos a oportunidade para implementar sistemas de acompañamento e localización que poden permitir unha mellor atención ás persoas que viven soas para que teñan máis autonomía, pero que teñan un seguemento adecuado.

Tanto no ámbito sanitario como no do ensino e na atención ás persoas dependentes, as administracións públicas deben velar pola atención individualizada na prestación destes servizos, e empregar as novas tecnoloxías como complemento e mellora na prestación do mesmo, rompendo as fendas entre o rural e o urbano, e garantindo que a dixitalización non supoña

unha substitución ou un empeoramento dos mesmos.

O papel das administracións debe encamiñarse a fomentar e facilitar as novas tecnoloxías en lugar de impoñelas.

Infraestruturas, formación e capacitación

Para que haxa un acceso real á dixitalización e á implantación das novas tecnoloxías na sociedade, é necesario contar con estes tres piares ó mesmo tempo.

Dende fai moitos anos vimos reivindicando para o ámbito rural unhas infraestruturas e uns servizos de calidade, sendo no ámbito do acceso ás novas tecnoloxías onde sempre houbo unha fenda moi importante. Aínda hai moitas zonas rurais onde os servizos de acceso ás novas tecnoloxías non chegan coa calidade equivalente á de núcleos urbanos, ou como mínimo a unha calidade admisible para o momento no que estamos.

Máis, todo o dito, son teorías, porque non hai xeito de saber cal é o mapa territorial por parroquias ou, simplemente, o nivel de acceso por municipios. A última recollida de datos é do ano

2015 e aínda se refiren ao RDSI, anterior ao ADSL. E, co coñecemento que temos do rural, podemos dicir sen ningunha dúbida que o maior problema do rural é o acceso. Xa é que non haxa velocidade, é que existen zonas nas que non hai nada, por máis que nos digan dende a oficialidade que está cuberto todo o territorio.

Non hai datos e, esta situación indícanos que é unha problemática endémica, sistemática e, se non se pon remedio, será insuperable, deixando un gran número de persoas fóra desta nova realidade dixital.

A maiores, a fenda dixital de xénero solábase coa fenda dixital xeracional ou por razón de idade: cando máis se sube na pirámide, menos ou inexistente é o uso das TIC's.

A forma de implantación das infraestruturas é un proceso custoso que actualmente están a desenvolver empresas privadas con moito financiamento público, de maneira que remataremos pagando por dous lados o mesmo servizo, quedando en mans privadas o acceso a servizos esenciais da poboación. Neste aspecto valoramos que sería moito máis eficiente que estas infraestruturas fosen públicas dende un primeiro momento.

A formación e capacitación das persoas para o emprego das novas tecnoloxías debe ser continuada e debe acompañar todo o proceso de implantación, pois será moito máis efectivo e contribuirá a facilitar a vida das persoas e a prestación dos servizos necesarios. A formación regrada habitualmente está a ser impartida por docentes con máis vontade que recursos e carece dunha programación axeitada ao que van ser as esixencias reais. Precísanse ademais un gran esforzo formativo dirixido ás persoas profesionais do sector agrario e gandeiro, e en xeral para o conxunto da sociedade.

A formación e capacitación das persoas para o emprego das novas tecnoloxías debe ser continuada e debe acompañar todo o proceso de implantación.

Dende as administracións públicas tamén se debe facer unha aposta decidida polo software libre e de código aberto, xa que resulta máis beneficioso para o conxunto da sociedade, máis adaptable ás súas necesidades en cada momento, e resulta menos custoso.

Dixitalización e mulleres

Atopámonos nun punto de inflexión que a situación epidemiolóxica está acelerando: a dixitalización da sociedade. Unha nova visión e novos procedementos de traballo nos que as Tecnoloxías da información e a comunicación van a xogar un papel importante. Iremos dispoñer dun acceso instantáneo, omnipresente, ubicuo, interoperable e multidisciplinar ó coñecemento e á información, mais só accesible a través de Internet e difundido únicamente por medios dixitais.

O que nun principio parece unha democratización da accesibilidade ten a súa contrapartida: o agravamento do risco de exclusión. Non todas as persoas van ter as condicións e circunstancias que lles permitan subirse ó tren da innovación. Principalmente, nestes últimos anos, nos que as desigualdades se incrementaron de forma notable. E, no que as economías rurais que xa tiñan unha base financeira máis débil e un menor acceso ós servizos públicos que as zonas urbanas estanse vendo máis afectadas debido a tres razóns: pandemia, crise económica e cambio climático.

Hai dificultades para ter moitos datos estatísticos desagregados por sexo. E, a pregunta que nos facemos é, se este proceso de dixitalización ten un sistema para paliar ou anular todas estas lagoas que van facer que os sectores máis vulnerables o sexan aínda máis. Nestes colectivos, atópanse as mulleres e, principalmente, as que viven en zonas rurais. A ausencia de datos é un dato en si mesmo. Pero á hora de planificar políticas e plans

estratéxicos, se non hai datos, o problema non existe e non se precisan políticas correctoras.

É preciso planificar unha implementación ordenada e coordinada desta revolución dixital que xa non ten volta atrás. Instaurar ferramentas de recollida de datos que nos permitan ter datos desagregados reais e actualizados da realidade de mulleres e de homes diferenciados por idade. Datos que as grandes corporacións de comercio electrónico e de publicidade e outras plataformas de Internet xa teñen, pero que os gobernos descoñecen ou parecen descoñecer e que son vitais para a planificación de políticas específicas ou os eixos estratéxicos para paliar as deficiencias e inxustizas históricas deste colectivo.

Principais **liñas estratéxicas** de urxente aplicación:

- Estudo da situación real das mulleres.
- Posta en marcha (Re)utilización dos CEMIT para que a xente que o precise teña acceso a un PC e á rede para a realización de xestións particulares.
- Reforzamento e ampliación da oferta de formación de uso das ferramentas telemáticas, principalmente dirixidas a mulleres e facilitar transporte público das mesmas.
- Mentres non se reforza a capacitación das mulleres neste eido e, mentres non haxa unhas competencias adquiridas, deberíase asegurar que haxa unha administración pública que palíe as dificultades que poidan ter en calquera ámbito: subvencións, axudas sociais, xestións burocráticas...

Conclusións

- No xeito de implementar a dixitalización na sociedade vemos que hai un desequilibrio entre cidadanía e administración, realizándose o proceso dende o punto de vista desúltima, sendo totalmente diferentes as consecuencias de calquera incumprimento por parte da cidadanía, a cando se produce por parte da administración.
- O mecanismo máis frecuente de implantación da dixitalización está a ser o da obrigatoriedade sen opcións alternativas en lugar da voluntariedade e da permanencia de sistemas alternativos.
- Non se está facendo un proceso de avaliación de resultados na implantación.
- Vemos que a nova PAC aposta de forma moi decidida pola dixitalización destinando máis recursos a este eido que deixan de empregarse en políticas de fondo como son os prezos dos produtos, a base territorial das explotacións, a ordenación do territorio, a incorporación de persoas mozas, etc.
- O proceso de dixitalización está a levarse a cabo dende

moitas empresas privadas e grandes multinacionais que teñen máis interese no manexo dos nosos datos que na prestación de servizos, e non se está a respectar adecuadamente a normativa de protección de datos.

- En moitos aspectos a dixitalización está a transformar persoas que eran suxeitos activos de actividades e dereitos, converténdose en suxeitos pasivos, e mesmo causando en moitos casos unha gran indefensión.
- As administracións públicas deben velar pola democratización das novas tecnoloxías para que non haxa exclusións no acceso, existencia de alternativas para que non quede ninguén excluído dos ámbitos da sociedade dixitalizada.
- Debemos buscar ferramentas para que o acceso ás novas tecnoloxías e a dixitalización non produza un sometemento das persoas a estas plataformas, preservando a identidade e a autonomía por enriba de todo.
- Na análise da implantación das novas tecnoloxías é importante ter en conta repercusións de xeito integral (laborais, sociais, económicas, ambientais, enerxéticas...). ■

Autónomos. Conectividade, infraestruturas e territorio: oportunidades

Jacobo Feijoo Lamas

Contemplamos a dixitalización no rural galego co horizonte 2025. A dixitalización é necesaria no rural galego. Xa o era, pero a situación post Covid19 a fai máis perentoria. Pero, cómpre lembrar que existe unha fenda dixital que hai que resolver.

Jacobo Feijoo Lamas
Responsable
área de
Desenvolvemento
Rural
Unións Agrarias UPA

A fenda dixital está relacionada coa falta de cobertura de banda larga no rural: Galicia 2020, 13.300 núcleos de poboación, 28% de España, con cobertura menor de 30 Mbps.

- Cando é como se vai facer?.

Cando: antes de 2025, dando cumprimento ao mandato da UE (100% dos fogares alomenos 100 Mbps, e 1 Gbps polígonos industriais).

Como: Financiamento Fondos NG-UE. Colaboración público-Privada. ¿5G?

Galicia rural, sitio distinto.

33.000 entidades de poboación en 3.000.000 de ha. 7 cidades co 40% da poboación.

Asimetría *Galifornia* (costa, 30% superficie-70% poboación) – *Garizona* (interior, 70% superficie-30% poboación).

1.- Galicia urbana, cidades.

2.- Áreas rurais do Eixo Atlántico.

3.- Comarcas agrarias do interior de Galicia, vertebradas por cabeceiras de comarcas.

4.- As zonas de montaña das Serras Orientais de Lugo, metade oriental e sur de Ourense e Dorsal Galega.

- Last mile problem.

- Estratexia concesional propia

- Colaboración público privada coas operadoras con concesións para operar .

Sen dixitalización non existe desenvolvemento rural no século XXI.

Ao igual que no século XX a electrificación rural e a mecanización agraria foron os grandes retos do desenvolvemento rural, no século XXI a infraestrutura que dé acceso universal á rede e a dixitalización no rural son os grandes retos do rural galego.

• Acceso universal para posibilitar:



No século XXI a infraestrutura que dá acceso universal á rede e a dixitalización no rural son os grandes retos do rural galego.

- Residencia rural (educación, trámites administrativos, financeiros, comerciais).

- Actividade económica (teletraballo, traballo híbrido, traballo desmaterializado, descentralizado, e-comercio).

• Dixitalización para:

- Actividade industrial 4.0 (deslocalización, fabricación aditiva).

- Actividad agrogandeira e forestal 4.0.

- Enerxías renovables: Smart Grids

Compoñentes da dixitalización de necesaria integración

- Compoñente infraestrutura física de telecomunicacións para acceso bidireccional (subida e baixada) en banda larga a internet.

- Compoñente de sensórica, recollida de datos. IoT.

- Compoñente informativa: Bases de datos (Big data).

- Compoñente de explotación da información das bases de datos. Capacidade de computación (algoritmos, IA, machine learning, deep learning).

- Compoñente humano co suficiente nivel formativo e capacidades dixitais.

- Compoñente regulatorio. Dereito dixital. Protección de datos.

Oportunidades residenciais. Fixación poboación, fenda demográfica

A conectividade dixital permite que zonas rurais que teñan atractivo físico, natural, climático, cultural, poidan atraer non só a visitantes ocasionais, senón a un novo tipo de residentes permanentes, que poden traballar en calquera lugar con conexión axeitada á rede.

“A liberdade de ubicación non supón indiferencia de ubicación”.

Oportunidades de atraer e fixar poboación en zonas que combinen atractivo local con conexión global.

As redes de telecomunicacións poden eliminar obstáculos que impedían residir a moitas persoas en localidades rurais, pola imposibilidade de desenvolver traballos de alto valor engadido, que xa non precisan de presenza física.

Hai por tanto novas oportunidades de xerar novas formas de vida nos ámbitos rurais, que cristalizarán en novas comunidades rurais. Nestas zonas, moitas das amplas vivendas e as súas construcións auxiliares, se poderán adaptar para a integración do espazo residencial co espazo de traballo.

Oportunidades Industria 4.0. Deslocalización.

Oportunidades para a instalación no rural de unidades de fabricación 4.0, que xa non precisan estar centralizadas. Onde a parte material incorpora coñecemento.

A contribución relativa ao valor final de produtos materiais da información supera ao valor da materia prima en sí. Esa información se pode aportar a distancia, incidindo na deslocalización e descentralización.

A fabricación aditiva, a impresión 3D supoñen unha oportunidade para a instalación de unidades de fabricación preto das materias primas, como a madeira e polímeros naturais.

Estes factores xogan a favor da ubicación de empresas de fabricación en entornos rurais, descentralizados. Especialmente se están ben conectados a redes loxísticas e de transporte.

Existen
oportunidades de xerar
novas formas
de vida nos
ámbitos
rurais, que
cristalarán
en novas
comunidades
rurais.

Oportunidades Agricultura 4.0. Green New Deal.

A agricultura, a gandeiría, o sector forestal están inmersos nunha transformación absoluta do seu xeito de producir. Ao igual que pasou coa mecanización, non vai ser posible ser competitivo estando ao marxe da revolución dixital.

Estamos inmersos nun novo paradigma onde as instalacións, as máquinas, os apeiros agrícolas deixan de ser elementos pasivos para estar sensorizados e recoller información durante a súa operación. Esa información se procesa para anticipar decisións (si se aplican produtos, fertilizantes ou auga, en qué momento, en que doses) e aforrar ata un 60% de insumos.

Se están recollendo ata 18 Gb de información i por planta! O reto é procesala para obter conclusión aplicables a unha produción máis sostible.

Os Obxectivos do New Green Deal da UE para 2030 serán moi difíciles de cumprir sen merma das producións sen salto dixital na agricultura.

Implicacións no despregue da infraestrutura de telecomunicacións

Necesidade de estratexias propias para o despregue da infraestrutura física e para a asignación do espazo electromagnético e autorizacións e concesións aos operadores de telefonía e datos.

- *Last mile problem*: Con 33.000 núcleos de poboación, Galicia é, probablemente, unha das rexións da UE máis complexas neste eido. Garantir accesibilidade universal (acceso a banda larga sen discriminación de calidade do servizo nin de prezos) é un reto específico que precisa de estratexia e accións propias.

Oportunidades para o peche da fenda dixital no rural galego. Obxectivo 2025.

EPÍLOGO

*¿Dónde está la vida que hemos perdido en vivir?
¿Dónde está la sabiduría que hemos perdido en
conocimiento?
¿Dónde el conocimiento que hemos perdido en
información?*

T.S. Elliot



Déficit de cobertura de banda ampla e cobertura móbil. Fenda dixital real, máis difícil de cubrir que noutras rexións da UE. Galicia reúne o 28% dos núcleos de España sen banda ampla e uns 13.300 núcleos están por debaixo dos 30 Mbps.

Como consecuencia desta situación, existe necesidade de dar cumprimento as disposición da UE na súa Estratexia Dixital 2025, que tentan garantir unha conectividade dixital adecuada para o 100% da poboación, promovendo a desaparición da fenda dixital entre zonas rurais e urba-

nas (meta 2025: 100% da poboación con cobertura 100 Mbps + 1 Gbps nos polígonos industriais).

A través da posta en marcha da Axenda España Dixital 2025, entre 2020 e 2022 está prevista que se financie cuns 20.000 millóns de euros de fondos públicos, dos cales uns 15.000 millóns de euros deberán vir do Plan de Recuperación da UE do Next Generation. Espérase que isto se complemente cuns 50.000 millóns de euros procedentes do sector privado. ■

Autónomos y digitalización.

Problemas y retos postcovid-19

Francisco Javier Pérez Bello

Cuando hablamos de autónomos, nos referimos a un colectivo de 3.200.000 personas en España, 207.000 en Galicia (estamos en mínimos de la serie histórica), empresarios y profesionales en numerosos sectores de las actividades económicas, que forman el tejido productivo básico de nuestra Comunidad Autónoma y que, como toda la sociedad, sufre las consecuencias de una crisis económica derivada de la pandemia producida por la covid-19, cuando todavía estábamos empezando la recuperación de la durísima crisis financiera de hace diez años.

**Francisco Javier
Pérez Bello**

Presidente de la
**Federación
de Autónomos de
Galicia
FEAGA**

FEAGA es una organización que aglutina más de 50 asociaciones sectoriales, locales y comarcales de empresarios y profesionales autónomos, con más de 30 años de servicio al servicio del autónomo.

El perfil del autónomo gallego es el de una gran mayoría de personas físicas (60% hombres y 40% mujeres), con una media de edad en torno a los 45-50 años, que casi un 80% actúa en el sector servicios, con una gran presencia del comercio y la hostelería, dos de los sectores que han sufrido un mayor impacto, debido a las restricciones de actividad, movilidad, etc.

La evolución en los últimos diez años ha sido vertiginosa; partíamos de niveles bajísimos de uso de las nuevas tecnologías, apenas un 50 % de los autónomos tenía conexión a internet y su uso en los negocios, incluso entre quienes tenían conexión, era escasísimo.

Las políticas de fomento y apoyo a la utilización de las nuevas tecnologías por parte de pymes y

autónomos nos sitúa en unos niveles cercanos a los de cualquier gran empresa; según datos de la AMTEGA, órgano de la Xunta de Galicia, la contratación de internet en micropymes y autónomos llega al 80% en Galicia, cuatro décimas por encima de la media estatal.

Más de la mitad de los autónomos tienen hoy contratada una velocidad superior a las 100 Mbps, con un incremento del 93% en el último año.

La disponibilidad de páginas web aumenta también, situándose por encima de la media estatal, así como el uso de las redes sociales, cuya presencia aumenta el 28% el último año. En este período, ha aumentado casi un 80% las ventas efectuadas por pymes y autónomos a través de



internet. El gasto en TIC de las empresas gallegas superó la cifra de 457 millones de Euros, un 12% más que el año anterior.

En materia de seguridad, dos de cada tres micropymes han implementado políticas de ciberseguridad en el último año. El llamado internet de las cosas y la robótica están todavía fuera del radio de acción de los autónomos, con carácter general.

Este es el escenario de partida.

Hace un año el mundo cambió de forma profunda. Millones de personas se han enfrentado en este tiempo a la muerte, a la ruina económica o, en el mejor de los casos, a las consecuencias de la soledad y de vivir con miedo a respirar. Ahora hasta el poder geopolítico depende de la capacidad para producir y distribuir vacunas.

Antes del virus el mundo no había dejado de cambiar, cada vez a mayor velocidad. Hace cuarenta años pocos tenían un ordenador. Hace treinta apenas algunos tenían internet. Hace veinte no muchos navegaban con el móvil. Hace diez aún leíamos en papel. Cambios que antes

llevaban generaciones enteras ahora se completaban en años.

La superación de la brecha tecnológica es el primer paso para la digitalización.

El problema es que en estos doce últimos meses ese progreso acelerado ha conocido una nueva dimensión: en un año, a consecuencia del virus, la tecnología ha acabado por invadir hasta los últimos rincones de nuestra vida. Antes usábamos dispositivos para todo, pero es que ya no queda nada que hagamos en lo que no medie una pantalla.

La inercia, por tanto, existía, pero el confinamiento la aceleró. Encerrarnos en casa implicó que para poder seguir participando de la sociedad necesitabas estar conectado. Estar en contacto con los tuyos, informarte, comprar, trabajar o seguir con los estudios pasó a depender del acceso a la tecnología: o tenías un dispositivo conectado a internet o, literalmente, estabas aislado. Vacías las calles, la vida se mudó a las pantallas. Y, lógicamente, mucha gente se quedó fuera.

Brecha tecnológica y social

Hay un cambio de narrativa sobre la tecnología. Hace años se daba por hecho que reduciría la

desigualdad, pero ahora vemos claro que también puede amplificarla, que no es mágica ni neutral, el temor a la relación entre tecnología y desigualdad siempre ha existido. En estas llega la pandemia y todo se acelera. Dejamos de hablar de tecnología y hablamos más de digitalización, forzada y acelerada.

Según datos de la *Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares*, publicado por el INE en noviembre de 2020, el 93,2% de la población de 16 a 74 años había usado a internet en los tres meses anteriores [a la encuesta]. El 81,4% de los hogares con al menos un miembro de 16 a 74 años tenía algún tipo de ordenador. El 95,3% del total de hogares contaba con acceso a internet por banda ancha fija y/o móvil.

Es decir, la tecnología ya lo invadía todo. Pero cuando la variable se cruza con los ingresos se ven las brechas: «El 96,2% de los hogares con ingresos mensuales netos de 2.500 euros o más dispone de acceso fijo y el 3,6% lo hace solo a través de móvil, mientras que en los hogares que ingresan menos de 900 euros los porcentajes son del 62,7% en acceso fijo y del 23,2% solo mediante el móvil». Resumido: a mayor ingreso, mayor y mejor conectividad.

Por tanto, salvar la brecha tecnológica no es tan sencillo como contar con un dispositivo conectado, porque las aristas de la brecha son muchas. Tu acceso va a depender de la calidad e intensidad de la señal, de la potencia de tu dispositivo, de cuántos tengas en casa para cada habitante, de cómo de eficaz sea tu tiempo conectado... Y, por supuesto, de que sepas manejarlo en un entorno virtual que nada tiene que ver con un entorno real.

En ese punto intervienen factores añadidos a lo económico, y algunos se visibilizan en el punto

de origen mismo de lo digital. El tecnológico es un sector «fuertemente masculinizado» y con una media de edad baja, lo cual implica un importante sesgo generacional y de género. Pero ni siquiera hace falta llegar a cuestiones tan concretas para ver las fisuras a la digitalización.

De la desigualdad a la exclusión

Con la pandemia se acelera nuestra relación, y quizá dependencia, de la tecnología. Pero, sobre todo, aumenta la conciencia de que la brecha digital también es social, política, económica. Y como la tecnología llega a cada rincón de nuestra vida, la brecha tecnológica es transversal a todo lo demás. Es una grieta atravesando las brechas que ya existían.

La pandemia ha acelerado la necesidad de la transformación digital de muchos sectores de la sociedad, la educación es uno de los mejores ejemplos. Pese a los esfuerzos que muchas Administraciones y trabajadores del sector han hecho, ha quedado de manifiesto que sin un cambio en las metodologías y en las herramientas de soporte, la exclusión que buena parte del alumnado ha sufrido se puede agrandar.

